

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA QUE CELEBROU A XUNTA DE GOBERNO LOCAL O DÍA 15/02/2018, EN 1ª CONVOCATORIA.

ASISTENTES

ALCALDE

José Marcote Suárez

TTES. DE ALCALDE

Xan Carlos Sar Oliveira
Soledad Vilela Romero
Teresa Fernández Martínez

SECRETARIO

José Ramón Lema Fuentes

ASUNTOS

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta da sesión anterior.-**
- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**
- 3º.- **Expediente contratación Obra Plan Camiños Municipais 2017-2018 Agader.-**
- 4º.- **Expediente contratación Documento Plan Estratéxico de Turismo de Fisterra.-**
- 5º.- **Asuntos varios.-**

Na vila e Termo municipal de Fisterra, Partido Xudicial de Corcubión ás **20:00** horas do día **15/02/2018** reúnense no salón da Alcaldía, ós Sres. e Sras. que arriba se expresan, ós fins de celebrar a **sesión ordinaria** da **Xunta de Goberno Local** en primeira convocatoria.

- 1º.- **Aprobación, se procede, borrador acta sesión anterior.-**

Sometida a votación a do día 8 de Febreiro de 2018 é aprobada por unanimidade dos asistentes. --

- 2º.- **Actos edificación e uso do Solo.-**

Deisaxe o asunto sobre a mesa por non ter asuntos de que tratar.-

- 3º.- **Expediente contratación Obra Plan Camiños Municipais 2017-2018 Agader.-**

A)Vista a Valoración Definitiva efectuada polo órgano encargado da negociación en reunión do día 16 de Novembro de 2017 sobre as novas ofertas relativas a Económica presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado do Proxecto da Obra denominada "Plan de mellora de camiños municipais 2017 - 2018" cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Corenta mil cincocentos

noventa e dous euros con cincuenta e tres céntimos (40.592,53 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, Subvencionada pola Dirección Xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) mediante Resolución de data 18 de Maio de 2017, que a continuación se indica :

PUNTUACIÓN FINAL

| <u>EMPRESA</u> | <u>VALORACIÓN TÉCNICA</u> | <u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u> | <u>TOTAL</u> |
|--------------------------------------|-------------------------------|---------------------------------|--------------|
| BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. | <u>14,2</u> | <u>4,52</u> | <u>18,72</u> |
| <u>CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L.</u> | <u>11,1</u> | <u>12</u> | <u>23,1</u> |
| EXCAVACIONES POSE S.L. | <u>11,1</u> | <u>10,11</u> | <u>21,21</u> |

Resultando que da proposta efectuada por parte do órgano encargado da negociación se desprende que a oferta económica formulada pola Empresa de maior valoración, Construcciones D. Ogando S.L., ten carácter de temeraria polo seu importe de Vinte e oito mil cento oitenta e oito euros con corenta céntimos (28.188,40 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido que supón unha baixa de Doce mil catrocentos catro euros con trece céntimos (12.404,13 €) en relación co tipo de licitación,

Resultando que na sesión celebrada por esta Xunta o día 23 de Novembro de 2017 adoptouse acordo de presumir que a proposición da Empresa antes mencionada pode non ser cumprida como consecuencia da baixa ofertada considerándoa, de principio, como desproporcionada. -

Resultando que con data 20 de Decembro de 2017 (Rexistro Xeral de Saída número 2615) enviase a documentación xustificativa presentada polo licitador a Excmá Diputación provincial para que se emita o Informe pertinente, que foi recibido o día 5 de Febreiro de 2018 procedente do Servizo de Asistencia Técnica a Municipios, en sentido desfavorable,

Considerando que o órgano negociador na reunión de data de 15 de Febreiro de 2018 e á vista de dito Informe, formulou proposta a este órgano de contratación para a no aceptación da oferta por considerala desproporcionada en base as razóns xustificativas que constan no expediente,

Á vista do Análise efectuado polo Servizo de Asistencia Técnica a Municipios do Organismo Provincial, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Declarar que a Empresa Construcciones D. Ogando S.L., con CIF B15209794 e domicilio social na localidade de Senande, 170 do Termo Municipal de Muxia, CP 15124 coa documentación presentada no seu día, non xustifica a baixa temeraria proposta e non pode ser aceptada quedando polo tanto rechazada a todos os efectos legais, en base a que:

a) O licitador non aporta carta de compromiso dos provedores de materiais ou xustificación de medios propios e/ou materiais de produción propias polo que non quedan xustificadas os custos utilizados para a obtención dos prezos unitarios dos materiais.-

b) Achega unha declaración na que indica que a obra resolveríase con maquinaria propia e aporta unha relación de maquinaria.-

Non achega os custes de uso e mantemento da maquinaria nin outro tipo de xustificación documental.-

c) No apartado C. Oferta detallada por unidades de Obra co mesmo detalle que aparece descrito no proxecto técnico, achégase únicamente una folla comparativa das medicións e prezos unitarios do proxecto en relación cos prezos unitarios da oferta do licitador e os importes totais das partidas e do total da obra.

Non aporta documentación que xustifique a obtención dos prezos unitarios (prezos descompostos).

Non xustifica documentalmente os custes dos materiais, man de obra e maquinaria previstos na obra e, polo tanto, os prezos das unidades de Obra.-

2) Notificar dito acordo a citada Empresa para o seu coñecemento e demais efectos cos recursos legalmente establecidos. -

B) Vista a Valoración Definitiva efectuada polo órgano encargado da negociación en reunión do día 16 de Novembro de 2017 sobre as novas ofertas relativas a Económica presentadas polas Empresas que accederon á licitación convocada para contratación mediante Procedemento Negociado do Proxecto da Obra denominada "Plan de mellora de camiños municipais 2017 - 2018 " cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Corenta mil cincocentos noventa e dous euros con cincuenta e tres céntimos (40.592,53 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido, Subvencionada pola Dirección Xeral da

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (AGADER) mediante Resolución de data 18 de Maio de 2017, que a continuación se indica :

PUNTUACIÓN FINAL

| <u>EMPRESA</u> | <u>VALORACIÓN TÉCNICA</u> | <u>VALORACIÓN ECONÓMICA</u> | <u>TOTAL</u> |
|--------------------------------------|-------------------------------|---------------------------------|--------------|
| BÚA CONSTRUCCIONES Y SERVICIOS S.L. | <u>14,2</u> | <u>4,52</u> | <u>18,72</u> |
| <u>CONSTRUCCIONES D. OGANDO S.L.</u> | <u>11,1</u> | <u>12</u> | <u>23,1</u> |
| EXCAVACIONES POSE S.L. | <u>11,1</u> | <u>10,11</u> | <u>21,21</u> |

Resultando que da proposta efectuada por parte do órgano encargado da negociación da que se desprende que a oferta económica formulada pola Segunda Empresa de maior valoración, Excavaciones Pose S.L., ten caracter de temeraria polo seu importe de Trinta mil douscentos trinta e sete euros con noventa céntimos (30.237,90 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido que supón unha baixa de Dez mil trescentos cincuenta e catro euros con sesenta e tres céntimos (10.354,63 €) en relación co tipo de licitación,

Á vista dos antecedentes a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

1) Presumir que a proposición da Empresa Excavaciones Pose S.L. con CIF B15626922 e domicilio social na localidade de Dombate, 7 Borneiro, Termo Municipal de Cabana de Bergantiños (CP 15119), pode non ser cumprida como consecuencia desta baixa e polo tanto considerala, de principio, como desproporcionada.-

2) De conformidade co previsto na Clausula 15.5.1 notificarase esta circunstancia á citada Empresa para que no prazo de Cinco días hábiles a partir do día seguinte o recibo deste acordo, xustifique ante esta Corporación dita oferta acompañando a documentación a que se refire a Clausula 15.5.3 do Prego que serve de base para a licitación.-

4º.- Expediente contratación Documento Plan Estratéxico de Turismo de Fisterra.-

Unha vez examinado o expediente, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda :

1) Aprobar o gasto polo importe de Dezaioito mil euros (18.000,00 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido coa finalidade de proceder a Redacción do "Plan Estratéxico de Turismo en Fisterra" en base as directrices sinaladas na Memoria da Alcaldía de data 12 de Febreiro de 2018 co seguinte contido :

" Podemos decir hoxe sin dúbida, que o turismo é xunto coa pesca, un dos dous motores fundamentais da economía de Fisterra. No que á pesca se refire, é un sector á baixa nos últimos tempos, mantendo o nivel de actividade con moitos problemas. Sin embargo o turismo está crescendo exponencialmente, sobre todo debido ao "camiño". Este fenómeno fixo incrementar tanto o número de visitantes, como a temporada anual de visita que hoxe podemos decir que empeza en primavera e remata ben entrado o outono.

A cantidade de visitantes aumentou de xeito considerable e con iso, o número de establecementos de aloxamento, de restauración e outros auxiliares arredor do turismo.

Somos a última imaxe que o peregrino se leva de volta a súa terra; esta é unha grande responsabilidade que nos tocou en sorte, pero temos que responder a ela da mellor maneira posible.

O visitante ten que levar de Fisterra o mellor recordo posible. A súa experiencia vai vir determinada por un conxunto de factores que debemos cuidar con esmero; temos que ofrecerlle o millor descanso, a mellor gastronomía, que se empapen das nosas tradicións e festas, que disfruten do noso entorno natural, que visiten o noso "fin do mundo", o noso cabo e o noso faro e carguen as súas maletas das historias e lendas que alí se agochan.

Chegamos á situación actual practicamente sin pensalo, fomos reaccionando á realidade que nos viña empuxados polas circunstancias. Si seguimos nesta dinámica o futuro é totalmente incerto e perigoso. Podemos chegar a sufrir as consecuencias da falta de xestión, e acabar dando a imaxe totalmente contraria á que o visitante espera, coas fatales consecuencias que esto traería.

Fisterra, como municipio turístico, necesita unha planificación do sector. Esta planificación debe facer unha análise da realidade actual, plantexar a realidade turística que pretendemos ter dentro duns anos, e marcar as liñas maestras a seguir para conseguir o obxectivo.

Necesitamos un “Plan Estratégico de Turismo” que sexa elaborado por profesionais da materia, seguindo as directrices que marquemos desde o Concello.

Por todo o anteriormente exposto, se necesita iniciar expediente mediante tramitación urxente para contratación dunha empresa especialista nesta materia coa finalidade de elaborar o citado Plan dentro do Concello de Fisterra, que deberá conter os seguintes aspectos :

1. Un diagnóstico da situación actual coa oferta e a demanda
2. Un estudio de impacto da activiade turística no territorio
3. Unha identificación dos retos que se plantexan
4. Definición da estratexia a seguir
5. Propostas de actuación

2) Iniciar expediente por CONTRATO MENOR de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Legislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público para dita finalidade.-

3) Requerir as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Cinco días hábiles (5) contados a partires do seguinte ó do recibo de esta comunicación presenten as súas ofertas económicas, en sobre pechado ou lacrado, acompañadas dunha Memoria aclarativa das directrices a seguir para Redacción do citado Plan e prazo de execución :

| DENOMINACIÓN | DOMICILIO SOCIAL |
|--|--|
| AYECONOMICS RESEARXCH CENTRE S.L. CIF B70539176 | Edificio Emprendía - Campus Vida s/n 15782 SANTIAGO DE COMPOSTELA info@ayeconomics.com |
| PQLIAR CONSULTING S.L. CIF B70053111 | Rúa Horreo, 106 Baixo 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA consultoria@pqliar.com |
| MÉNSULA INICIATIVAS TURISTICAS E CULTURAI S.L. CIF B32253189 | Rúa Pontevedra, 1 Oficinas 2º 36201 VIGO itc@itcmensula.com |

Asimesmo no mesmo prazo deberán presentar a seguinte Documentación:

- Fotocopia do Código de Identificación Fiscal expedido por Facenda.-
- Declaración responsable de que a Empresa non está incursoa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos Artigo 146 e 60 do citado texto legal.-

-Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social.-

-Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Pública.-

5º.- Asuntos varios.-

OBRAS

Declarada deserta a anterior licitación pola non presentación de ofertas e ante a necesidade urxente de proceder á Substitución da Carpintería exterior do edificio denominado " O Semáforo " sito nas inmediacións do Faro de Fisterra (actualmente en réxime de concesión administrativa) que encontráanse deterioradas, a Xunta de Goberno Local por unanimidade dos asistentes acorda:

1) Aprobar a nova Memoria Valorada para levar a cabo ditas actuacións cun presuposto de execución que ascende a cantidade de Trinta e cinco mil setecentos dous euros con trinta e dous céntimos (35.702,32 €) incluído o Imposto sobre o Valor Engadido redactada pola Arquitecta que presta servizos no Departamento de Urbanismo desta Corporación con data 15 de Febreiro de 2018.---

2) Iniciar expediente por CONTRATO MENOR de conformidade co disposto nos Artigos 111 e 138 do Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de Novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.-

2.- Requerir as seguintes Empresas Capacitadas para que no prazo de Cinco días hábiles (5) contados a partires do seguinte ó do recibo de esta comunicación presenten as súas ofertas, en sobre pechado ou lacrado, dacordo co modelo que se acompañará a cada licitador :

| DENOMINACIÓN | DOMICILIO SOCIAL |
|---------------------------------|---|
| Carlos Liñeiro Martínez | Lg/ Agrixa, 36 VILASTOSE 15124 MUXIA |
| Isidro Insua Nemiña y Otro S.B. | Escaselas, 10 15154 FISTERRA |
| Fillos de Andres S.C. | Localidade de Sixto s/n 15153 FISTERRA |

Asimesmo no mesmo prazo deberán presentar a seguinte Documentación:

-Código de Identificación Fiscal.-

-Declaración responsable de que a Empresa non está incursoa en ningunha das prohibicións para contratar ou incompatibilidades establecidas nos Artigos 146 e 60 do citado texto legal.-

- **Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Seguridade Social.-**
- **Certificación de estar ao corrente coas súas obrigas coa Facenda Pública.-**
- **Compromiso de axustarse na súa totalidade á Memoria e as características do material previsto na mesma .--**

E non tendo máis asuntos de que tratar o Alcalde-Presidente **remata a sesión, ás 21:10 horas** do día de hoxe, de todo o que como secretario , dou fe.